

PAT

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

REFERENCIAS LEXISLATIVAS

• **LOE 2/2006**, Decreto 330/2009 DE 4 DE XUÑO, que establece o currículo para a Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

• **LOMCE 8/2013**

• Orde 25 DE XUÑO DO 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo da educación infantil na CA de Galicia

• DECRETO 374/1996 DE 17 DE OUTUBRO, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (ROC).

• ORDE DE 22 DE XULLO DE 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria...

- Decreto 120/1998 que ordena a Orientación en Galicia
- Orde 24 de xullo 1998 que desenvolve o Decreto 120/98
- DECRETO 229/2011 DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE
- Lei 4/2011 de CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN

TÍTULO III

Profesorado

CAPÍTULO I

Funcións do profesorado

Artigo 91. Funcións do profesorado.

- a) A programación e o ensino das áreas, materias e módulos que teñan encomendados.
- b) A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensino.
- c) A **titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.**
- d) A **orientación educativa, académica e profesional** dos alumnos, en colaboración, de ser o caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- e) A **atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral** do alumnado.
- g) A contribución a que as actividades do centro se leven a cabo nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores da cidadanía democrática.
- h) A información periódica ás **familias** sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como a **orientación** para a súa cooperación neste.

- INTRODUCCIÓN

A Acción Titorial que pretendemos ten as seguintes referencias:

- O enfoque comprensivo e diverso da escola.**
- A análise sistémica da institución escolar.**
- O paradigma cognitivo e ecolóxico /contextual.**
- A dimensión constitutiva da aprendizaxe.**

REFERENCIAS TEÓRICAS

1) O enfoque comprensivo e diverso da escola:

A compatibilidade do sistema educativo trae como consecuencia o bosquejo da atención a unha diversidade de alumnado que se vai a encontrar nun único camiño ata os 16 anos e necesita dunha serie de respostas que aseguren á atención á mesma.

Dita igualdade de oportunidades favorece a existencia dunha diversidade que supón unha riqueza dada a pluralidade de persoas coas

que o alumnado se vai a encontrar.

A pluralidade que trae como consecuencia a diversidade de capacidades, de procesos madurativos, require un acompañamento explícito a cada criatura para que poida realizar o seu propio proceso de crecemento.

A riqueza que urxe da diversidade pode vivirse como unha fonte de aprendizaxe e como unha fonte de dificultades e de conflitos. O encontro coa diversidade e a súa aceptación pode se-lo comezo dun camiño de desenrolo de valores tan importantes como a tolerancia ou a solidariedade.

Para que esto sexa posible, a figura da titora /titor cobra unha importancia singular en calquera das etapas educativas, e sobre todo na Educación Infantil.

2) Análise sistémico da institución escolar

O concepto interactivo da aprendizaxe condúcenos a situa-lo proceso de ensinanza máis alá da criatura concreta, posto que sitúanos a esta nun entramado de relacións, formando parte dun sistema: alumnado-familia-escola-comunidade, sobre o que hai que actuar de forma global, tendo en conta as interaccións que se producen entre as distintas partes do sistema.

Segundo Juana Dancho, o bosquejo sistémico, en vez de illar ó alumnado para observalo, amplía o ángulo de visión, é dicir, pásase a observar ó suxeito nun entramado de relacións consigo mesmo e as súas familias, co programa e cos profesores para analizar estas situacións e intervir nelas. Supón unha nova perspectiva na que todos están implicados e todos deben responder da boa marcha do Centro.

A acción titorial integra tódalas interaccións para convertelas en accións positivas para o proceso do alumnado.

Para que a experiencia educativa se adapte á diversidade teremos que ter en conta as condicións das criaturas vistas dun modo amplo, interactivo e sistémico: ¿cómo é?, ¿onde está?, ¿qué sucede nesa situación?, ¿onde está mal?, ...

3) Paradigma cognitivo e ecolóxico/contextual

Os modelos educativos dende os que contemplamos o proceso de ensinanza-aprendizaxe son o paradigma cognitivo e ecolóxico/contextual. Estes bosquejos supoñen, para o conxunto de decisións do Centro e para o Plan de Acción Titorial en particular, unha perspectiva nova á hora de concretar o proceso a seguir. Ambos aportan aspectos de interese tales como:

Suliñan a capacidade do alumnado para ir construíndo o seu propio proceso de maduración.

De forma activa, estruturada e significativa (paradigma cognitivo)

Dende as interaccións con iguais, adultos e o medio (paradigma ecolóxico/contextual)

Establecen un proceso de ensinanza-aprendizaxe que potencia non tanto o aprender-adiestrar-almacenar, propio do paradigma de conducta, canto o desenvolvemento duns procesos persoais apeados na aprendizaxe significativa, a aprendizaxe por descubrimento e a aprendizaxe mediada.

Suliñan a importancia dunha mediación, como axuda ó proceso persoal de construción.

Establecen a implicación das criaturas na súa propia aprendizaxe.

Sítuan como mediadores tanto á mestra/e como ás compañeiras/os dentro dun contexto de múltiples interaccións.

Ofrecen claves ó mestre-tutor para que faga o seu proceso persoal e estableza interaccións positivas con iguais e con adultos.

4) Dimensións constitutivas da aprendizaxe

Este bosquejo nos marca as pautas para coñecer e comprender o momento do proceso educativo das criaturas e do grupo e facer posible a progresión na súa maduración, apoiándonos no xa contido.

O punto de partida da acción educativa está, non tanto na suposta maduración que o suxeito e o grupo debería haber alcanzado senón no que verdadeiramente xa desenvolveu, e no que é capaz de desenvolver coa axuda dun adulto ou dun igual.

A partir deste bosquejo o equipo docente, coordinado pola titora ou titor, deberá favorecer o desenvolvemento das criaturas e do grupo paso a paso, partindo do momento persoal e grupal no que están.

A avaliación inicial, que permite a formulación das necesidades educativas persoais e grupais, será o punto de arranque necesario para facer posible a construción de novas aprendizaxes.

Por outro lado, debemos ter en conta as **diferentes concepcións de aprendizaxe** pois vehiculará e dimensionará o PAT:

- aprendizaxe como proceso natural: o cerebro tende a aprender aínda que de forma diferente en cada ser humano e así existen diferentes estilos de aprendizaxe, distintas personalidades e percepcións que terán tidas en conta no momento de de deseñar experiencias de aprendizaxe.
- aprendizaxe como proceso situado e social: a aprendizaxe son canto máis efectivas canto máis se realizan en colaboración, en cooperación e en relación con contornos diferentes, complementarios.
- aprendizaxe como proceso activo: as aprendizaxes deben ser realizadas activamente polo alumnado polo que é necesario entornos ricos en experiencias, en pescudar, en buscar, reflexionar, tomar decisións,...
- aprendizaxe integrado e contextualizado: a teoría holográfica do cerebro demostra que a información que se presenta de modo global é máis fácil de asimilar que aquela presentada en compartimentos, secuenciada en unidades de información.
- Aprendizaxe en interacción con motivacións e intereses

Reseñar que titores e titoras deben favorecer, dinamizar e promover o que a LOE establece no seu artigo **121.5** : *Os centros promoverán compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o propio centro nos cales se consignan as actividades que pais, profesores e alumnos se comprometen a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.*

1.- ACCIÓN TITORIAL E O PROFESORADO TITOR

CONCEPTO DE TITORÍA:

Existe un pluralidade de conceptos de TITORÍA pero en todas elas prevalece como elementos comúns: asesoramento, axuda,

orientación para a información integral da persoa.

Según COMELLAS (1999) é unha acción sistemática que contribúe á unha educación integral, á axustar unha resposta educativa ás necesidades, a unha orientación para un proceso de toma de decisións, favorece as relacións para as aprendizaxes cooperativas, adecúa as relacións entre os integrantes da Comunidade Educativa.

A tutoría é unha función inherente aos docentes e polo tanto acción eminentemente pedagóxica dirixida ao alumnado tanto individual como grupalmente para mellorar os procesos educativos mediante accións orientadas a facilitar a vida escolar tendo en conta factores académicos, personais e ambientais.

Desta maneira o contexto escolar debe ser unha COMUNIDADE DE APRENDIZAXE de cooperación, interaccións, comunicacións.

A tutoría e a función titorial figura como parte da función docente dende a LGE (1970).

ZABALZA afirma que a función titorial impregna o concepto de profesor. Un profesor é docente máis titor.

Os contidos son moi similares á función orientadora.

Os inicios da función de titor toma a función que MENTOR (vello conselleiro do heroe Odiseo (Ulises) e tamén mestre de TELÉMACO) recibe de ODISEO con respecto ao seu fillo : educalo e dirixilo na formación física, intelectual, espiritual y social. Vemos polo tanto funcións de consello, orientación, persoa de confianza.

CONCEPTO DE ACCIÓN TITORIAL:

A docencia non ten por obxecto soamente coñecementos e procedementos, senón tamén valores, normas e actitudes, ten por obxecto o pleno desenvolvemento persoal do alumnado, un desenvolvemento que implica, por parte do profesorado o exercicio da función titorial.

O MEC no ano 1992 establecía que todo profesor está implicado na acción titorial sexa ou non titor dun grupo.

A tutoría supón a integración de aspectos que implican a todo o equipo educativo. O traballo do titor ten como finalidade garantir e asegura-la eficacia do traballo do profesorado sobre o grupo de alumnado. Todo o profesorado é responsable do seguimento das criaturas, aínda que de modo específico será a titora ou titor quen coordine as accións que se levan a cabo cun grupo concreto.

A tutoría é unha actividade inxerida á función de profesora ou profesor que se realiza cun grupo de alumnas e alumnos, individual ou colectivamente, co fin de integrar e personaliza-lo proceso de ensinanza-aprendizaxe (Lázaro e Asensi, 1997). Pola súa parte Sobrado e ocampo (1997) conceptualizan a acción tutorial como a actividade de guiar ó alumnado para que acade un desenvolvemento integral, é dicir, encárgase do desenvolvemento, maduración, aprendizaxe, orientación e coñece e ten en conta tódolos contextos. En xeral, son un conxunto de accións educativas que se desenvolven nun centro escolar para favorecer e optimiza-lo desenvolvemento integral da personalidade do alumnado.

ALVAREZ e GONZÁLEZ (2006) apuntan que a acción tutorial consiste en facilitar estratexias, axudas, ferramentas para cubrir con éxito metas académicas, personais e profesionais. Pola súa parte BISQUERRA establece que son accións sistemáticas, planificadas, intencionais, específicas concretadas en un espacio en un tempo para:

- ofrecer especial atención ao alumnado
- favorecer o desenvolvemento da persoano plano identitario, sistemas de valores, sociabilidade
- axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado previndo e orientando dificultades
- Orientar o proceso de toma de decisións
- Favorecer as relacións grupais a través das aprendizaxes cooperativas
- contribuir as relacións e interaccións entre os integrantes da C.Educativa asi como dinamizar contornos e aprendizaxes multiculturais, interculturais, diversos e respectando a diferenca
- promover a adquisición das CCBB ou C. CLAVE

O deseño da titoría ten que partir de:

Unha reflexión global capaz de recoller e sistematizar ditas necesidades.

Unhas constantes nas que se deberá integrar toda a acción titorial xa que entendemos que a titoría non se pode admitir dende as necesidades que vaian surxindo no día a día, de forma inconexa, respondendo de forma puntual e sen contar coa referencia dunha programación previa.

Por outro lado, a titoría, terá que ter en conta:

A significatividade para o alumnado dos contidos que se traballan.

A estrutura interna dos procesos de aprendizaxe que permitan ó alumnado construír a partir do conflito cognitivo e a maduración afectiva.

A importancia das relacións intelectuais, como vehículo para que as criaturas poidan elaboralo seu propio proceso de aprendizaxe e maduración.

A figura da profesora titora ou profesor titor

Para GARCÍA CORREA a persoa titora é un docente que axuda a tomar decisións a un individuo e a un grupo, apoia coñecementos para acadar o desenvolvemento persoal e favorece a vida comunitaria coas súas interaccións. O seguimento do proceso persoal do alumnado é un intento de potencia-la atención á diversidade, onde enmarcámo-la acción titorial e a figura do titor como mediador.

O profesorado exerce unha acción educativa significativa e é responsable do itinerario que realiza o alumnado e o grupo. Esta acción será coordinada pola titora ou titor e favorecerá o traballo conxunto do equipo docente. Según o artigo 91 da LOE as funcións do profesorado se circunscribe, entre outros ámbitos: titoría, dirección e orientación das aprendizaxes e apoio ao proceso educativo E SEMPRE EN COLABORACIÓN COAS FAMILIAS.

Na titora ou titor conflúen gran número de informacións, polo que actúa como :

- Elemento integrador do grupo.
- Adulto con capacidade para escoitar e comunicarse.
- Elemento activo que pon ó grupo en situación de construírse.
- Profesor-mediador que acompaña a cada criatura no seu desenvolvemento.

A figura da persoa titora en relación coa orientación:

- Lograr a inserción do alumnado no grupo
- Promover a inserción das familias
- Previr as dificultades de aprendizaxe
- Facilitar o coñecemento personalizado do alumnado
- Vinculación familia-escola
- Favorecer a comunicación nas aulas
- Coordinar a actividade docente co resto do profesorado do grupo de alumnos-alumnas.

Cualidades da persoa titora

Entre as cualidades máis importantes temos:

- Capacidade de establecer relacións e interaccións persoais CO ALUMNADO E FAMILIAS (EMPATÍA)
- capacidade para saber negociar os conflitos e a problemática diaria do grupo
- actitude cara ao alumnado e capacidade de flexibilidade
- axeitada preparación psicopedagóxica

- coñecer con detalle o nivel de competencia curricular do alumnado para personalizar a súa educación

Perfil da persoa titora

- é un profesor ou profesora: con acción docente, que se dirixe cara a unha educación integradora e responsabilízase dun grupo
- desenvolve funcións coas familias, compañeiros e alumnado
- é un guía, referente e parte do sistema de orientación para o alumnado
- debe recibir formación continua e apoiarse nas aportacións do DTO. Orientación
- coordinar a súa acción tutorial co resto de profesores e profesoras
- ser consciente das dificultades e posibilidades da Acción Tutorial

A figura do titor como mediador

Este concepto supón “estar ó lado de “, dando a axuda xusta e necesaria para que as criaturas poidan construír internamente a aprendizaxe. O estilo de interacción que propoñemos ten como principal medio de levarse a cabo un modo de indubidable interese por haber sido utilizado ó longo da historia, fundamentalmente polos filósofos que axudaban ós seus discípulos na procura da verdade: o diálogo, baseado na arte de preguntar de modo tal que axude ó suxeito a sacar á luz tódalas súas potencialidades e a realizar procesos de pensamento persoais que lle axuden a crecer.

O diálogo é un regulador do propio comportamento e axuda ó alumnado a tomar conciencia e a ser responsable dos seus propios actos.

Para que se dé unha relación mediadora na aula necesitanse unhas condicións previas:

- Un marco de aceptación, confianza mutua e respecto.
- Un clima de relacións afectuosas que contribúan á seguridade e a formar unha autoimaxe positiva e realista no alumnado.
- Unha intervención que reta ó alumnado e lles ofrece medios para superarse, lles interroga e lles fai posible ir en busca de respostas.
- Que o profesorado teña en conta as capacidades do alumnado para facelas avanzar.

As condicións dunha boa mediación supoñen:

- Mediación da intencionalidade e reciprocidade.
- Mediación da transcendencia.
- Mediación do significado.
- Mediación do sentimento de competencia.
- Mediación da participación activa e conducta compartida.
- Mediación da individualización e diferenciación psicolóxica.
- Mediación sobre a procura, planificación e logro de obxectivos.
- Mediación sobre a adaptación a situacións novas.
- Mediación do coñecemento da modificabilidade e cambio estrutural.
- Mediación dos incentivos e reforzo positivo.

As funcións do titor e da titora:

- Participar no desenvolvemento do P.A.T. e nas actividades de Orientación, baixo a coordinación do Xefe de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.

- Coordina-lo proceso de avaliación do alumnado no seu grupo.
- Organizar e presidi-las xuntanzas de profesorado e sesións de avaliación do seu grupo.
- Facilita-la integración do alumnado no seu grupo e fomenta-la súa participación nas actividades da escola.
- Colaborar co Departamento de Orientación, nos termos que estableza a Xefatura de Estudos.
- Encamiña-las demandas e inquietudes do alumnado.
- Coordina-las actividades complementarias para o grupo.
- Informar ás familias e profesorado de todo aquilo que lles concirne en relación coas actividades docentes e complementarias, así como o rendemento académico.
- Facilita-la cooperación educativa entre o profesorado e as familias.
- Dar resposta á diversidade.

PRINCIPIOS DA ACCIÓN TITORIAL:

- Dimensión proactiva
- Autoorientación
- Acción de axuda, orientación, intervención social, desenvolvemento
- prevención

RASGOS DA ACCIÓN TITORIAL

- Actividade educativa-formativa
- preventiva
- Proceso continuo

- Proactiva
- Integral
- Contextualizada
- Intencional
- atende á diversidade: capacidade de aprender, motivación para aprender, intereses, necesidades

OBXECTIVOS DA ACCIÓN TUTORIAL

- Contribuir a unha educación personalizada e baixo os criterios de individualización, integración e inclusión
- Favorecer aprendizaxes funcionais, prácticos
- Capacitar para o propio aprendizaxes, aprender a aprender ofertando estratexias de control, procedimentos de aprendizaxe, capacidades metacognitivas
- Axustar as respostas educativas ás necesidades do alumnado
- Previr dificultades de aprendizaxe
- Favorecer procesos de autonomía e madurez persoal, desenvolvemento socio-moral e de valores, toma de decisións
- Promover interaccións

O PAT E AS CCBB-COMPETENCIAS CLAVE

O PAT para dar unha resposta eficaz ao desenvolvemento integral da persoa debe vincularse ás CCBB ou C. CLAVE

C. LINGÜÍSTICA: comunicación para a resolución de conflitos, para establecer relacións constructivas cos demais, para expresar sentimentos, opinións, para o desenvolvemento da autoestima e autoconfianza, para interpretar, comprender, organizar a realidade,...

C. MATEMÁTICA E CIENCIA SE TECNOLOXÍA : habilidades para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, empregar espontaneamente razonamentos para interpretar e producir información, para resolver problemas,...habilidades para demostrar espírito crítico en la observación da realidade, uso responsable dos recursos naturais, potenciar hábitos de consumo responsable, capacidade para pescudar, tomar decisións, consensuar,...

COMPETENCIA DIXITAL: habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento., destrezas de razonamento, analizar, sintetizar,...ser responsable, autónoma, reflexivo,...

C. SOCIAIS E CÍVICAS: comprender e reflexionar sobre as características diferenciais das diferentes culturas, valorar a riqueza da contorna, valorar as prácticas democráticas, a paz, a tolerancia,...

C. CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURALS: promover a imaxinación, a iniciativa, a creatividade. Dinamizar habilidades de cooperación e de traballo colaborativo

C. APRENDER A APRENDER: potenciar capacidades como a atención, concentración, memoria, comprensión,...valorar a perseverancia como un elemento enriquecedor. Capacidade de autoavaliarse...

C. EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRIT EMPRENDEDOR: promover habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo, empatía, habilidades e actitudes personais interrelacionadas.dinamizar e significar a importancia da autonomía e iniciativa personal.

LIÑAS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O PAT relaciónase e imbrícase con outros documentos como o PE do que colle as liñas de acción e prioridades. Outros documentos son o POA E PAD.

A Acción tutorial debe ter en conta o que BRONFENBRENNER chama MICROSISTEMA (A AULA, A FAMILIA, A ESCOLA,...) E O MESOSISTEMA que consiste nun conxunto de interrelacións entre os diferentes escenarios de conducta, microsistemas.

A ACCIÓN TITORIAL en relación co alumnado realiza funcións DIAGNÓSTICA (necesidades, motivacións, estilos de aprendizaxe, intereses,...), función de INTERVENCIÓN (adaptar ou adecuar ensinanzas e contidos ás características do alumnado) e poe último función de COORDINACIÓN.

As liñas de acción tutorial baséanse nuns principios educativos que dan sentido ó noso traballo e engloban os seguintes conceptos:

- **Ensinar a coñecer e a pensar:** desenvolver a concentración, a memoria, e o pensamento para a mellora dos procesos de e-a
- **Ensinar a ser persoa:** prevención e desenvolvemento persoal.
- **Ensinar a convivir e comportarse:** atención á diversidade.

Ensinar a tomar decisións: orientación académica.

O obxectivo é que as criaturas chegue a ser capaz de aprender a aprender e chegar a ter un control interno do seu pensamento .

Ensinar a ser persoa: identidade e autoestima

A identidade persoal se constrúe partindo das propias experiencias e da interiorización que facemos das valoracións de persoas significativas, sendo o medio escolar, un ámbito que inflúe extraordinariamente na imaxe de sí que os alumnos van construíndo progresivamente.

Ensinar a convivir e a comportarse

Se trata de procurar ó alumnado espazos e experiencias que lle axuden a ter cos demais unha relacións normalizadas, e que lle fagan por en práctica habilidades sociais para emprender unhas relacións máis ricas e positivas cos outros.


Tamén son importantes as dinámicas grupais que facilitan ó alumnado desenrolar capacidades de comunicación e actitudes de respecto, que favorezan a integración en grupos de iguais e cos adultos.

Ensinar a tomar decisións

A capacidade para tomar decisións é de gran interese pola súa incidencia nas situacións ordinarias da vida, polo que é importante que as nenas e nenos dende a mais tenra infancia, sexan capaces de poñer en práctica esta habilidade, que lles vai a facilitar unha mellor integración escolar e social.

CONCEPTO, IMPLICADOS, CONTEXTOS, ÁMBITOS E FINALIDADES

A continuación plasmaremos el mapa conceptual del PAT para comprender que este documento debe ser un proyecto común e de consenso: Definiremos el **plan de acción tutorial** como la sistematización e organización de la acción tutorial desarrollada por las tutoras dentro de un programa conjunto que convierte esta acción en un trabajo planificado e coordinado. La Acción tutorial debe ser continua, global, facilitadora e realizada con todo el alumnado.



REFERENCIAS OBRIGADAS

-PROXECTO EDUCATIVO

-NOF

PLAN DE XESTIÓN

PLAN DE CONCRECIÓN CURRICULAR

-P.X.A.

-Liñas de Orientación.

-Plan de actividades e tarefas.

IMPLICADOS NA ELABORACIÓN

- Dirección do centro
- Xefatura de estudos
- Departamento de orientación
- Comisión de coordinación pedagóxica
- Titoras
- Consello Escolar

CONTEXTOS DE ACTUACIÓN

- grupo alumnos
- Profesorado
- Alumna/o individual
- As familias
- O centro

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

- Desenvolvemento cognitivo
- Desenvolvemento afectivo-emocional e ético moral.
- Desenvolvemento psicomotriz.
- Desenvolvemento da comunicación social, as relacións e a convivencia.
- Desenvolvemento da actuación e inserción social.
- Desenvolvemento persoal.


FINALIDADES

1. Prevención.
2. Apoio proceso educativo.
3. Apoio á comunidade.
4. Formación.
5. Información.

- PLANTEXAMENTO E DESENVOLVEMENTO


1.- DECISIÓNS A NIVEL CENTRO

- Elección axeitada e coherente de titoras.
- Tempos e espacíos para a acción tutorial.
- Coordinación titoras.
Coordinación do equipo docente.




5.- AVALIACIÓN

- Da programación
- Da organización
- Do desenvolvemento



2.- DETECCIÓN DE NECESIDADES E PROPOSTAS:

- Recollida de necesidades
- Priorización de necesidades
- Redacción do plan




3.- ANÁLISE E APROBACIÓN:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Claustro
- Consello Escolar



4.- DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:

- Ámbitos: individual e grupal
- Grupos de referencia: alumnado.
- Grupos de referencia: alumnado, profesorado, familias.



- OBXECTIVOS

- Contribución a unha educación personalizada atendendo aos criterios de individualización e integración-inclusión
- capacitar para o propio aprendizaxe

- Axustar as respostas educativas ás necesidades singulares do alumnado.
- Previr as dificultades de aprendizaxe para evitar o fracaso escolar
- Favorecer os procesos de autonomía e madurez persoal, desenvolvemento afectivo-emocional e de valores, a toma de decisións
- Favorece-lo traballo coordinado do equipo docente facendo eficaz a súa tarefa e adaptándoa mellor ás características de cada grupo.
- Facilita-la integración e interacción do alumnado no seu grupo-clase e no centro promovendo a súa actuación e participación.
- Facilita-la integración e interacción do alumnado estranxeiro no seu grupo-clase e no centro promovendo a súa actuación e participación.
- Facilita-la integración e interacción das familias no seu grupo-clase e no centro promovendo a súa actuación e participación activa.
- Facilita-la integración e interacción das familias do alumnado estranxeiro no seu grupo-clase e no centro promovendo a súa actuación e participación activa.
- Facer partícipes á comunidade educativa do plan.
- Integra-lo plan no deseño curricular do centro.
- Detectar problemas de integración.
- Recoller información persoal do alumnado no plano persoal e familiar.
- Coñecer ó alumnado, profesorado, familias e contexto.
- Integrar ó alumnado, profesorado, familias e contexto.
- Detectar e valora-las dificultades de aprendizaxe.
- Estimular e apoiar-la orientación académica.
- Adecua-lo currículo ás necesidades, capacidades e intereses do alumnado a través dos principios educativos de aprender a aprender, coherencia, significatividade lóxica, globalidade, interdisciplinariade, actividade, coñecementos previos e personalización.
- Potencia-la atención á diversidade.

- Valora-las diferencias individuais do alumnado e das familias.
- Óptimiza-lo proceso de e-a.
- Potencia-lo seguimento do proceso individual de cada alumno/a e a súa atención ás necesidades derivadas do mesmo.
- Promover un ensino fundamentado e baseado nos valores de ser persoas e a convivencia.
- Favorece-la toma de decisións, a educación emocional, o autoconcepto e autoestima.
- Capacitar ó alumnado en estratexias primarias (habilidades cognitivas), estratexias de apoio (habilidades conductuais) e estratexias emocionais.
- Optimiza-la acción colexiada e intencional a través dos discursos e as prácticas.
- Dinamiza-las relacións e a convivencia do profesorado.
- Favorece-la formación das titoras para un desempeño exitoso das súas funcións e adaptado ás características do alumnado priorizando no coñecemento das diferentes etapas de desenvolvemento, do modelo constructivista do aprendizaxe.
- Favorece-la formación das familias para un desempeño exitoso das súas funcións e adaptado ás características dos seus fillos priorizando no coñecemento das diferentes etapas de desenvolvemento, do modelo constructivista do aprendizaxe, de técnicas de modificación de conducta,...
- Potencia-lo seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Fomenta-la integración de cada alumno/ e familia na vida do centro.
- Atende-las necesidades educativas de cada alumno/a.
- Promove-lo diseño de programas de intervención individual, grupal e familiar para dar resposta a todo tipo de necesidades.
- Dinamizar medidas de atención á diversidade: reforzo educativo, adaptacións curriculares, agrupamentos, ...

CONTIDOS

- Características psico-sociais do alumnado.
- Plans de intervención para a integración do alumnado estranxeiro.
- A educación emocional
- Trastornos de conducta
- Trastornos da linguaxe
- Dificultades de aprendizaxe
- Programas de intervención
- Orientación e tutoría
- Lexislación
- Atención ó alumnado con nee
- Participación
- Periodo de adaptación
- Presentación do alumnado
- Coñecemento do alumnado e as familias
- Coordinación equipo docente
- Avaliación
- Reforzo educativo
- Adaptacións curriculares potenciación de hábitos, actitudes, valores,...

ACTUACIONES

1) ACTIVIDADES XERAIS

- Diseño de programas de intervención que recolla respostas para o ámbito sensorial, cognitivo, motórico, conductual, de audición e linguaxe.
- Diseño de programas de intervención que recolla as necesidades educativas do alumnado estranxeiro.
- Programas de integración das familias de alumnado estranxeiro.
- Plans de acollida para as familias e alumnado.
- Deseño do periodo de adaptación familias-alumnado.
- Diseño de entrevistas.
- Diseño de protocolos de recollida de información
- Charlas formativas-informativas de cara ás familias e o profesorado para a formación en necesidades educativas do ámbito sensorial, cognitivo, motórico, conductual, de audición e linguaxe
- Protocolos de avaliación inicial e seguimento: agrupamentos,
- Desenvolvemento emocional do alumnado
- Desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.
- Programas de acollida
- Periodo de adaptación
- Recollida de información das familias, alumnado e profesorado.
- Coñecemento das instalacións do centro.
- Aplicación de entrevistas, cuestionarios e probas de avaliación psicopedagóxica.
- Revisión de informes.
- Elaboración de normas de convivencia.
- Elección de profesorado para diferentes tarefas e coordinacións.

- Xogos de dinámica de grupos.
- Actividades que favorezan o autocoñecemento, autoestima, autopercepción e o coñecemento dos iguais.
- Elaboración de estratexias para a mellora do proceso de e-a.
- Elaboración de medidas de atención á diversidade significativas ou non significativas (adaptacións curriculares e reforzo educativo).
- Realización de sesións de avaliación do alumnado, profesorado, metodoloxía, proceso de e-a, do grupo-clase.

- 2) ACTIVIDADES CO GRUPO DE ALUMNAS/OS


- Actividades de intervención para o alumnado estranxeiro.
- Reunións de avaliación.
- Análise do expediente persoal
- Solicitude de informes anteriores do alumnado.
- Coñecemento da situación familiar que repercute no rendemento académico.
- Coñecemento e avaliación das capacidades da cada alumna/o.
- Detección das necesidades educativas do alumnado.
- Colaboración no deseño de programas de intervención e de medidas de atención á diversidade.
- Realización de informes individualizados.
- Consecución do desenvolvemento óptimo persoal e social.
- Exploración inicial.
- Determinación co D.O. a resposta axeitada ás necesidades educativas atopadas.
- Avaliación continua e formativa e toma de decisións para busca-las respostas educativas axeitadas.
- Coordinación das medidas de reforzo e/ou de adaptación curricular.
- Realización do seguimento individualizado do proceso educativo.
- Realización do proceso de adaptación do alumnado no centro.
- Potenciación das dinámicas de grupo que favoreza as interaccións e o desenvolvemento do autoconceito e autoestima.

- Estimulación dun clima de respecto e aceptación.
- Favorecemento da solidariedade e cooperación.
- Facilitación da integración do alumnado no grupo e no centro e as familias e impulso de hábitos sociais e de comunicación e de valores, actitudes e normas que os equipen para a vida.
- Exploración e diagnóstico psicopedagóxico
- valoración do alumnado dun xeito global
- desenvolvemento de programas de estimulación e de enriquecemento
- PROGRAMA DE DETECCIÓN DE PROBLEMAS VISUAIS E AUDITIVOS
- PROGRAMAS DE MELLORA E ENRIQUECIMENTO DA LINGUAXE
- PROGRAMA PROBLEMAS DE CONDUCTA
- PROGRAMAS DE MEMORIA E ATENCIÓN
- PROGRAMA MELLORA LÓXICA-MATEMÁTICA
- PLAN DE ACOLLIDA COAS FAMILIAS E O ALUMNADO. PERIODO DE ADAPTACIÓN FAMILIAS-ALUMNADO.

Este plan artéllase a partir dos sinais de identidade do pec e figura no rri, pec, pat, poa, pxa.


este plan de acollida pretende ser un instrumento que facilite o coñecemento da organización do centro e do profesorado. realizarase aínda que o alumnado non chore, proveña de garderías,... as familias precisan seren acollidas e seren adaptadas de igual xeito que o alumnado e as veces aínda é máis necesario xa que as familias necesitan confianza, comunicación, sentirse parte activa do centro,...

ACTUACIÓN;





MES DE SETEMBRO
REUNIÓN INDIVIDUAL COAS FAMILIAS
REUNIÓN COLECTIVA COAS FAMILIAS
ESTABLECEMENTO DE PAUTAS DE ACTUACIÓN E DESEÑO DO
PERIODO DE ADAPTACIÓN. A FINALIZACIÓN DESTE SERÁ
DETERMINADO E VALORADO ENTRE FAMILIAS E
PROFESORADO. PRESENTACIÓN D.O. E ACTUACIÓNS



MES DE SETEMBRO
ENTRADA ESCALONADA SE HAI MOITO ALUMNADO E/OU Ó
LONGO DA MAÑÁ FACENDO VARIOS TURNOS,...
DURANTE ESTE MES AS FAMILIAS ESTARÁN NA AULA E POUCO
A POUCO SE REDUCE O TEMPO.
ORGANÍZANSE OBRADOIROS DE XOGOS, DE SENTIDOS, DE
PSICOMOTRICIDADE, DE CONSTRUCCIÓNS.

3) ACTIVIDADES CO EQUIPO DOCENTE

- Sesións de avaliación.
- Sesións de deseño de programas. De desenvolvemento e de formación.
- Realización do proceso de adaptación das familias e do alumnado no centro.
- Potenciación da participación das familias e o alumnado na vida do centro.
- Deseño de sesións de planificación.
- Recollida de información do profesorado con respecto ó alumnado.
- Deseño de criterios de avaliación.
- Aplicación de criterios de avaliación.
- Reunións periódicas co equipo directivo.
- Potenciación das dinámicas de grupo que favoreza as interaccións e o desenvolvemento do autoconcepto e autoestima.
- Estimulación dun clima de respecto e aceptación.
- Favorecemento da solidariedade e cooperación.
- Facilitación da integración do alumnado no grupo e no centro e as familias e impulso de hábitos sociais e de comunicación e de valores, actitudes e normas que os equipen para a vida.
- Colaboración no deseño de programas de intervención e de medidas de atención á diversidade.
- Realización de informes individualizados.
- Consecución do desenvolvemento óptimo persoal e social.
- Exploración inicial.
- Determinación co D.O. a resposta axeitada ás necesidades educativas atopadas.
- Avaliación continua e formativa e toma de decisións para busca-las respostas educativas axeitadas.

- Coordinación das medidas de reforzo e/ou de adaptación curricular.
- Realización do seguimento individualizado do proceso educativo.
- Realización do proceso de adaptación do alumnado no centro
- colaboración no deseño de programas de intervención e de medidas de atención á diversidade
- realización de informes individualizadosmailto:profesor@s
- Realización do proceso de adaptación do alumnado no centro.
- Realización de informes individualizados.
- Consecución do desenvolvemento óptimo persoal e social.
- Realización , se procede, de avaliacións psicopedagóxicas
- Exploración inicial.
- Programas de formación: alimentación, estimulación da linguaxe, conducta, desenvolvemento afectivo e sexual, atención , autonomía, LOE, COMPETENCIAS BÁSICAS, TICS, ANÁLISE DE ACTUACIÓNS NAS AULAS E A SÚA REPERCUSIÓN METODOLÓXICA E NO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS,
mailto:profesor@s

4) ACTIVIDADES COAS FAMILIAS

- Potenciación das dinámicas de grupo que favoreza as interaccións e o desenvolvemento do autoconcepto e autoestima das familias.
- Estimulación dun clima de respecto e aceptación.
- Favorecemento da solidariedade e cooperación na vida do centro.
- Entrevistas coas familias.
- Programas de formación: alimentación, estimulación da linguaxe, conducta, desenvolvemento afectivo e sexual, atención , autonomía, TICS, A LEXISLACIÓN EDUCATIVA ACTUAL, LOE, REFLEXIÓNS SOBRE AS COMPETENCIAS BÁSICAS, PROPOSTAS PARA UN MELLOR DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DENTRO DA EDUCACIÓN INFORMAL NO ÁMBITO DO FOGAR.

- Deseño de programas de participación familiar na vida do centro.
- Xornadas de acollida das familias.
- Estratexias de dinamización da anpa.
- Facilitación da integración das familias e impulso de hábitos sociais e de comunicación e de valores, actitudes e normas que os equipen para a vida.
- Sesións de avaliación coas familias.
- Sesións de formación coas familias.
- Charlas formativas e informativas sobre trastornos de aprendizaxe, conducta, madurativos, psicomotrices, de audición e linguaxe.
- Actividades de integración para familias de alumnado estranxeiro.

3.4.3.11.- RECURSOS

- Humanos:A orientadora, o profesorado especialista, directora., ASESORAS E ASESORES DO CFRs, ASESORAS-ES EXTERNAS-OS, PROFESORADO UNIVERSIDADE DE VIGO
- Materiais:entrevistas individuais co alumnado e familias, fichas personalizadas, cuestionarios de autorreflexión, rexistros de observación.

ADDENDA DO POAT-EXEMPLIFICACIÓNS DE ACTUACIÓNS

OBXECTIVOS	NUCLEO DE ACTIVIDADES	TIPO DE ACTIVIDADES	EXEMPLIFICACIÓN	RECURSOS	DESTINATARIO ÁMBITO ACTUACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Coñecer as características persoais e diferenciais do alumnado, das familias e ambientais	Acollida e integración do alumnado, familias	Actividades de: Acollida	AQUÍ ESTOU!!!	PROTOCOLOS DTO. ORIENTACIÓN	Familias alumnado	Setembro outubro

		Adaptación: incorporación escalonada e programada se é posible Confianza Entrevista inicial familias Análisis, actualización informes		PROTOCOLOS XADE NOF		
Desenvolverse autonomamente no contexto escolar	Acollida e integración do alumnado, familias	Actividades de: Rotiero polos diferentes espazos do centro Análise da funcionalidade dos espazos Adaptación Confianza OBSERVACIÓN INICIAL Análisis, actualización informes	BÚSQUEDA DE TESOUREOS POLA ESCOLA!!! ACOMPÁNOTE!!!	CARPETA DE PROPOSTAS DE ACTUACIÓN	Familias alumnado	Setembro outubro
SER PERSOA: avanzar na consolidación dunha autoestima positiva e ajustada	Atención á diversidade Prevención E. EMOCIONAL	Actividades: habilidades de consciencia emocional, control e autocontrol emocional Escoita activa Estratexias de saber esperar	ASI SON EU EU TAMÉN SINTO SABEMOS AGARDAR EN SILENZO	PAUTAS DE ACTUACIÓN DO DTO. ORIENTACIÓN UDD/U.PROGRAMACIÓN/PROXECTO	alumnado	Todo o curso
SER PERSOA: promover alimentación sana e equilibrada Dinamizar o coñecemento e coidado corporal analizando diferenzas , función e usos	Prevención E. Saúde	Actividades: destrezas para controlar os sentimentos, destrezas para manexar os estados de tensión, destrezas para o fortalecemento da autoestima e confianza, destrezas para a autoavaliación	UFFF QUE FAME!!! LAVO, LAVO AS MIÑAS MANS!! CEPILLO OS MEUS DENTES, E TI???	PROGRAMA DE ALMORZOS SAUDABLES NORMAS DE HIXIENE BÁSICAS NA CONTORNA ESCOLAR E FAMILIAR	alumnado	Todo o curso
APRENDER A CONVIVIR: promover relacións e interaccións positivas , Promover a educación emocional, Impulsar a aceptación das diferenzas emocionais Impulsar a interiorización de valores fomentando a cooperación, axuda e respecto	E. EMOCIONAL	Actividades: destrezas interpersonais: comunicación verbal, non verbal, escoita activa, expresión de sentimentos,... Cooperación e traballo en equipos colaborativos Escoita activa Estratexias de saber esperar Control emocional, consciencia emocional	POR FAVOR!!! GRAZAS!!! EU ESCOITO E TI??? O FALADOIRO CALENDARIO EMOCIÓNS	PAUTAS DE ACTUACIÓN PROGRAMA DE E. EMOCIONAL	alumnado	Todo o curso
APRENDER A APRENDER: promover o traballo colaborativo, a búsqueda da información, autonomía, reforzar a experimentación, creatividade	Atención á diversidade Prevención E. EMOCIONAL Organización e funcionamento da aula Desenvolvemento	Actividades: Escoita activa Estratexias de saber esperar, de axuda e cooperación Estratexias para ensinar a pensar	COOPERAMOS!!!	ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS DTO. ORIENTACIÓN: PROGRAMA DE APRENDIZAXE COOPERATIVO	alumnado	Todo o curso
APRENDER A PENSAR: promover o control da impulsividade e o control emocional Dinamizar procesos de razonamento APRENDER A CONOCER APRENDER A TER INICIATIVA E AUTONOMÍA PERSOAL	Atención á diversidade Prevención Organización e funcionamento da aula Desenvolvemento	Actividades: habilidades memorísticas, de concentración, destrezas para a toma de decisión, e resolución de problemas	PENSO, PENSO E TOMO DECISIÓNS!!! BUSCAMOS, COMPARAMOS, ESCOLLEMOS!!! PROGRAMA INTELIXENCIAS MÚLTIPLES	ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS DTO. ORIENTACIÓN: MATERIAL INTELIXENCIAS MÚLTIPLES PROGRAMA DE TOMA DE DECISIÓNS PROGRAMA DE INTERIORIZACIÓN DAS SECUENCIAS DIDÁCTICAS PUNTAIS E ESTABLES	alumnado	Todo o curso

Observar sistemáticamente as diferentes conductas, rasgos e estilos de aprendizaxe do alumnado Coñecer o grado de desenvolvemento cognitivo, emocional, motriz, comunicativo	Organización e funcionamento da aula Desenvolvemento prevención	Actividades: Observar; Supervisar, conocer y reflexionar sobre estilos de aprendizaxe	COÑECEMOS AO ALUMNADO!!! (CARPETA DE RECURSOS)	PROTOCOLOS DTO. ORIENTACIÓN	profesorado	1º trimestre
Dinamizar as coordinacións co resto do profesorado	Coordinación A. DIVERSIDADE Prevención avaliación	Actividades: REUNIONS de tutoría, Sesión de avaliación Búsqueda de materiais de apoio	REUNIONS QUINCENAI COORDINACIÓN NORMAS DE CICLO	CARPETA MATERIAIS VARIOS	profesorado	Todo o curso
Potenciar as relacións participativas coas familias	Coordinación A. DIVERSIDADE Participación familias	Actividades: reunión, entrevistas, sesión formativas	ACOMPANÁDENOS!!! QUEREDES COOPERAR!!! ESCOLA DE NAIS E PAIS	CALENDARIO APRENDIZAXES BÁSICAS PARA A VIDA MATERIAL DIVERSO FORMACIÓN: CADERNO DA FALA, NORMAS E LÍMITES, HÁBITOS DE TRABALLO,....	Familias comunidade	Todo o curso